

SUCEDE

Miscelánico é o libro con que Daniel Salgado acadou o II Premio Uxío Novoneyra, *Sucedé*, pois nel hai lugar para o amor, o recordo saudoso dos veráns, a crítica social, o compromiso cos máis desfavorecidos, a presenza de traxedias actuais (Maputo, Bagdad, Ramala...) e a música que se entremesturan para debuxar un completo cadro da realidade cotiá. O eu indaga, a un tempo, na capacidade expresiva do poema para representar a grandeza da vida, algo que nega xa que *“A estas alturas nada colle nun poema,/ todo semella tan ancho/ que soborda/ a cousa ruín dunha palabra”*.

Tempos Novos, 92, xaneiro 2005, p. 72